



© Eitel Alfonso



89
CHE
pab

cLuB de lEcTurA

O Club de lectura de alumnado de 4º ESO, Bacharelato, Ciclos, Profesorado e Nais-Pais, que ven funcionando dende hai varios anos é unha actividade moi consolidada, fundamentalmente polo mantemento dun grupo de nais de alumnado (son todas mulleres) que son bastantes e mesmo dalgunha persoa, non vencellada ao centro, pero interesada na lectura que coñeceu o club a través dos medios de comunicación locais.

Isto permite un ritmo de lectura alto: un libro completo con xuntanzas de periodicidade mensual, adaptándonos lóxicamente aos trimestres do curso educativo.

Os libros que lemos no presente curso escolar 2012-2013 foron os seguintes:



8699
CAA
mor

Denso Recendo a Salgado de Manolo Portas, con que tivemos o gusto de compartir a lectura desta obra, como actividade principal de inauguración do Clube neste curso. Ademais xurdiu unha relación interesante, a través de correo electrónico, polo debate xerado en torno ao tratamento dos personaxes femininos da obra. Relación que cristalizou na participación de mulleres do Club na Presentación do libro **Faneca Brava** deste autor na recente Feira do Libro de Santiago de Compostela.

Outro libro moi interesante foi **Otra Idea de Galicia** de M. A. Murado. Temos contactado xa con este autor e contaremos coa súa participación para comezos do vindeiro curso, pois o autor comprometeuse a vir.

Os outros libros que lemos foron **Non hai noite tan longa** de Agustín Fernández Paz, **Absolución** de Luis Landero, **El pabellón nº 6** e outros



860
LAN
abs



8699
POR
don



9461
MUR
ctr

cuentos de Chejov, Morgana en Esmelle de Begoña Caamaño.

É para que o verán non se nos faga tan longo sen Clube de lectura, imos ler **O Sentido dun Final** de Julian Barnes.

Xa sabedes, quedades convocados e convocadas para incorporarse no vindeiro curso ao noso club. Contaremos o primeiro día coa presenza de Miguel Anxo Murado.



O escritor Manuel Portas foi convidado polo Clube para falar da súa novela



© Eric Lafforgue

Ax21 + cLuB de lEcTurA

V feStiVal AxEndA 21

Baixo o lema "Un mundo para todos", o martes 30 de abril celebrouse no Auditorio de Cordeiro o V Festival Axenda 21



do IES de Valga.

Polo escenario pasaron diversas manifestacións artísticas: música pop, rap, ópera, teatro, recitado, baile, humor... todo isto buscando unha maior concienciación por parte da comunidade educativa do noso centro entorno a un Mundo que non nos separe pola cor da pel, nin polas ideas que

defendamos, nin pola maneira de vivir; un Mundo máis equitativo pero tamén máis solidario e onde sexamos respectuosos con todas as culturas do noso planeta.

O noso Festival comezou, como en anteriores edicións, coa actuación dunha parte dos integrantes da Banda



Municipal de Música de Valga que empezaron a caldear o ambiente do Auditorio con obras para instrumentos de metal e de vento. A partir de aí, o Festival tivo un repertorio moi variado e completo, cun fío moi teatral ao longo das máis de dúas horas de





As de bolboretas. ROSA ANEIROS

A autora deste libro, Rosa Aneiros, naceu en Valdoviño no 1976, e é licenciada en Ciencias da Información pola USC. Como narradora ten

publicados varias obras nas que sobresaen **Sol de Inverno**, premio Xerais no 2009, e a obra da que agora falamos que foi gañadora do premio Fundación Caixa Galicia.

Os relatos de **As de bolboretas** tratan sobre a velez. Personaxes como Eusebio e Lola que antes vivían no campo teñen que pensar a vivir na cidade, xa que na aldea non

hai quen os atenda e na cidade hai máis servizos. Tamén nos fala do amor, da morte...

Os protagonistas que máis aparecen no conto son Manuel que está case sempre co seu avó, Patricia, dona da cafetería Luzada, e finalmente Eusebio e Lola que anteriormente eran donos do Luzada pero agora deixáronllo a Patricia porque xa non son novos para eses traballos.

Este libro gustoume moito. O libro é interesante porque se van alternando as historias e ata o final do libro non sabes como acaban. Eu penso que todos deberíamos lelo xa que a forma na que está escrito transmite moitas emocións

869,9

Ane



Callella sen saída VÍCTOR OMBÁ

Nacido en Camerún no ano 1966, escribiu esta novela autobiográfica onde narra o vivido por un inmigrante africano sen papeis en España, e o

calvario que ten que sufrir por ser considerado un "ilegal".

Antoine, un inmigrante africano, chega a Madrid co fin de continuar os seus estudos en dereito. Ao chegar precisa o pasaporte que acredite que é un cidadán estranxeiro e que ten permiso de residencia en España. Tras intentalo de todos os xeitos, non consegue legalizar a súa situación e un

amigo aconséllalle que viaxe ata Galicia para que un amigo o empregue e así poder quedar.

Ó chegar á Coruña, Antoine consegue traballo, si, pero non ve por ningures o contrato de traballo soñada. A pesar diso traballa en malas condicións e un soldo miserable.

A través desta pequena e interesante obra pódese ver o difícil e duro que resulta ser inmigrante sen papeis no noso país. As condicións de vida deste grupo de xente son terribes, e coa lectura desta obra seguro que alcanzamos a ter unha perspectiva mellor e máis xusta da inmigración.

87

MAR

epi



Un artigo de Paula Busto Chenlo

Un artigo de David López Souto



© Iria Lafregue
As caboverdianas do grupo Batuko-Tabanka actuaron na Expo Universal de Zaragoza no 2008



Sabias que são mais de 300 os caboverdianos que moran nesta vila da costa de Lugo? Foram lá por volta do 1977 quando os marneiros galegos foram trabalhar para Alumina-aluminio em São Cibrã. Não havia ninguém que quisesse trabalhar no mar e foram eles quem ocuparam estes trabalhos. Por vezes passavam 3 meses no mar e apenas duas semanas em terra.

Primeiro vieram os homens e depois as suas mulheres. Elas trabalham nas casas, a limpar, cozinhar e na hostalaria. 12 delas formaram um grupo de música chamado Batuko-Tabanka, que recupera ritmos ancestrais. No início colocavam um saco de couro nas pernas

agora tocam o batuko (tambor), cantam e dançam. São canções de trabalho que lembram às pandeireiras galegas. Fazem concertos por toda a Espanha e mesmo no estrangeira.

Sorprende ver nas ruas de Burela tanta cor. Mesmo há varios cabeleiros especializados em peiteados africanos e bares no que se juntam os homes caboverdianos.

Os rapaces não têm bons resultados académicos que desexariam a pessar de fazer agrupamentos específicos nas escolas e são muitos os que não continuam depois da ESO. Muitos vão ao mar. As dificuldades maiores são que eles falam crioulo (mistura de português e linguas indígenas), os seus colegas falam todos galego e além disso tem de aprender o castelhano. São bem considerados e de qualquer maneira dende a Xunta houve um projecto Integra-Boçavante de ajuda para a integração desta comunidade durante dois anos que foi muito frutífera.

Neste momento há três associações caboverdianas que fazem inúmeras actividades. A câmara municipal que conta com um plano municipal de integração de inmigrantes no que dão información aos caboverdianos sobre o aluguer e compra de vivendas, asesoram-nos sobre o convívio vizinhal (ruído, limpeza de inmoéus, recollida de lixo), sobre a atención sanitária, fazem cursos pra fomentar a autoestima e facilitar os recursos para a integración, também fazem ateliés formativos como treinamento para a procura de emprego, sensibilizam aos empresários para contratá-los, fazem tudo o possível por sensibilizar à sociedade sobre os prexuízos sobre imigrantes, também tentam fomentar hábitos escolares.

Se forem lá verán un exemplo de bom convívio.



No 2012 o equipo xuvenil do Burela tivo xogadores caboverdianos, galegos, paquistaneses, peruanos e portugueses

Un artigo do alumnado de 4º de ESO e 1º de BAC da materia de Portugués

Viverestlegere
legerestviverE

Un casoiro ben mal amañado.

Bali Rai

Esta novela preséntanos a vida nun país multicultural: Inglaterra. O protagonista Manny, un mozo de dezasete anos

que loita pola súa liberdade, opónse a unha voda concertada, a pesar de que con iso pode deshonrar á súa familia punxabi.

Manny relátanos as súas vivencias dende os trece anos ata aos dezasete, nos cales terá que pasar por unhas experiencias moi duras convivindo cunha familia de pensamento moi tradicional; ata viaxará no tempo revivindo as súas orixes por un módico e sinxelo prezo, a liberdade.

O seu creador, Bali Rai, desvélanos que a novela é en parte autobiográfica, e con isto, conseguiu un dos máis brillantes libros que reflicte os problemas desta multiculturalidade

Este é un libro bastante asequible, que se pode ler en dúas tardes tranquilamente, e fala a voz da experiencia!

Engánchache dende a primeira páxina ata a última.

Eu recoméndollo a ese tipo de persoas que non ven máis aló do seu pensamento, sexa como sexa, para que se abran a novas experiencias.

Que odistruten!

87

CAT

poe



Valados Agustín Fernández Paz

Nacido en 1947 e diplomado en enxeñaría industrial-mecánica, profesor de lingua galega, Agustín Fernández Paz

escribiu traballos sobre a normalización lingüística no ensino e a promoción da lectura.

Nesta obra, fálanos de dous amigos inseparables, Helena e Xoel. Unha noite, sen previo aviso, comezan a construír valados de grandes dimensións, que separan a zona pobre da vila da moderna. Foi moita a sorpresa que levaron.

Helena e Xoel, e isto en boa parte configura a trama da novela, quedaron separados. Xoel quedará no lado pobre, mentras que Helena, no contraria. Tristes, empezaron a deseñar diferentes maneiras de comunicarse, pero non era doado de conseguir. Decepcionados, ían perdendo a esperanza, ata que a Xoel se lle ocorreu a idea que o cambiaría todo: papaventos. Enseguida se puxo a deseñar un, e cando o tivo rematado, fíxoo voar.

Nel estaba gravado o símbolo da súa amizade.

Recomendo o libro polo amor que transmite, e a gran sensibilidade que tivo o autor ao comunicalo.

87

SOF

edi



Rigoberta Menchú é unha líder indíxena guatemalteca defensora dos dereitos humanos, que destacou polo seu liderado á fronte das loitas sociais no ámbito nacional e internacional.

Dende moi pequena coñeceu as inxustizas, a discriminación e a explotación a que son sometidos os indíxenas de Guatemala que viven na pobreza extrema.

En 1992 concedéronlle O Premio Nobel da Paz, en recoñecemento á súa loita pola xustiza social e a reconciliación etno-cultural.

Cos recursos financeiros que recibiu deste galardón estableceu a fundación Rigoberta Menchú Tum, a través da cal apoia as poboacións máis necesitadas con proxectos de educación produtivos e de infraestrutura.

Ao longo da súa vida recibiu decenas de recoñecementos, entre os que destacan o premio da UNESCO "Educación para a Paz", a condecoración "Lexión de honra no máximo grao de Comandante", o galardón "Premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional" e foi mencionada no Libro Guinness dos récords por ser a gañadora máis nova do Nóbel e a primeira indíxena en gañar ese premio.

Pero, en realidade, gran parte da popularidade veulle co seu libro autobiográfico **Me**

llamo Rigoberta Menchú y así me nació la conciencia

En 2007 Rigoberta Menchú anunciou a súa candidatura ás eleccións xerais de Guatemala, co partido político Encuentro por Guatemala. Intentou cumprir a súa ilusión de ser a primeira muller en presidir o seu país.

Un artigo de Elena Franco Sabordo



Rigoberta Menchú



Multicultural societies exist when different cultural groups live and work together.

With high level of immigration, many societies are becoming more and more multicultural.

The United States is a good example of a multicultural society because it was built by immigrants from all over the world.

In our country, there are different ethnic cultures and they live and work together. These cultures are:

-Gypsies: They work in markets and fairs.

-Africans: They sell pirated movies, sunglasses...

-Chinese: They work in Chinese shops and Chinese restaurants.

-Moroccans: They sell handbags, carpets, muslim beliefs, etc.

European society today is changing quickly and is becoming more multicultural. In some cities there are now new communities where immigrants live together, speak their own language and open shops and restaurants with products from their customs and foods.

For example, there is an area of many big cities called Chinatown where there are a lot of Chinese shops and restaurants.

In 2001, we adopted the UNESCO Universal Declaration on Cultural Diversity and, in December 2002, the General Assembly, in its resolution 57/249, declared May 21 as the World Day for Cultural Diversity for Dialogue and Development.

The day gives us the opportunity to appreciate cultural diversity and to learn to 'live' in a better way.

In 2011, UNESCO and the Alliance of Civilizations United Nations have initiated community campaign 'Make a gesture for Diversity and Inclusion' to celebrate World of Diversity.

Un artigo de Vanesa Sánchez e Ana Otero

Un artigo de Antia Villar Rey



Un artigo de Lucía Ortigueira Piñeiro

a uNesCo e a diVerSidAde cULtUral

A Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural é un documento da UNESCO de 2001.

A Declaración realíza os dereitos humanos e as liberdades fundamentais da Declaración Universal de Dereitos Humanos, e propón que o respecto da diversidade das culturas, a tolerancia, o diálogo e a cooperación son un dos mellores garantes da paz e a seguridade internacionais.

Neste documento trátase da identidade, diversidade e pluralismo, que proclama no seu artigo I que a diversidade cultural é patrimonio da humanidade, e faise unha analogía entre a cultura e a natureza: considérase a diversidade cultural tan necesaria para o xénero humano como a diversidade biolóxica é para os organismos vivos. Tamén se considera que é



© Eric Lafforgue

unha das fontes do desenvolvemento, non só económica, senón tamén como medio de acceso a unha existencia intelectual, afectiva, moral e espiritual máis satisfactoria.

Posteriormente fálese da relación entre diversidade cultural e dereitos humanos, considerando estes como garantes daquela. A diversidade cultural supón o compromiso de respectar os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, en particular os dereitos das persoas que pertencen a minorías e os dos pobos indíxenas. E a iso agrega que "Ninguén pode invocar a diversidade cultural para vulnerar os dereitos humanos garantidos polo dereito internacional, nin para limitar o seu alcance".


Logo relaciónase a diversidade cultural coa creatividade, e afirmase que toda creación ten as súas raíces nas diversas tradicións culturais e á vez desenvélvese plenamente en contacto con outras culturas.

Finalmente o documento remata afirmando que a diversidade cultural e solidariedade internacional convida a reforzar as capacidades de creación e de difusión a escala mundial.

eric lafforgue

Eric Lafforgue est un grand photographe français qui a commencé son exploit photographique en 2006. Il a toujours senti le désir de connaître des endroits éloignés, c'est pourquoi il a entrepris des voyages dans une grande partie de l'Afrique et de l'Asie où il a obtenu ses premières photographies. Tous ceux qui le connaissent disent qu'il est un grand homme, humble, ami des amis et, surtout, un grand connaisseur de son travail.

Papúa Nova Guinea



© Eric Lafforgue

© Eric Lafforgue



Portrait de 'Miss Kim', guide au musée de la guerre à Pyongyang.

L'image a été retouchée pour donner l'impression d'une photo de studio.



Corea do Norte

© Eric Lafforgue

Un artigo de Silvia del Río García

Fasciné par les grandes créations d'Eric Lafforgue, de nombreux magazines et journaux voulaient utiliser ses images pour illustrer leurs pages et couvertures. Il est mondialement connu pour ses portraits grands et magnifiques.

Mais quel type de photo prenait-il?

Essentiellement des photos prises lors de voyages en Afrique, en Asie, et dans tous les coins du monde. Il a une prédestination pour les visages et préfère aller dans des lieux qui ne sont pas trop touristiques, afin de trouver des photos "vraies" et découvrir de nouvelles cultures.

D'ailleurs, sans s'arrêter sur le matériel nécessaire à ses voyages, Eric Lafforgue insiste surtout sur le contact qui doit se faire avant même de sortir son appareil. C'est pour cela que ses voyages durent en moyenne une semaine et qu'il ne commence les photos qu'à partir de 2 ou 3 jours.




© Eric Lafforgue

Xava

Eric Lafforgue

© Eric Lafforgue



Etiopia

Il photographie des gens "d'ailleurs" et nous invite à les découvrir. Amoureux de voyage, passionné de photographie, un talent immense, ce personnage est un professionnel de l'instantané, un témoin privilégié du monde et de ses émotions!



© Eric Lafforgue

Oman


de l'Homme d'un continent à l'autre. Les clichés, au contraste intense invitent à la sérénité et au respect des cultures.

Cambodge, Ethiopie, Bali: plongez, en images, dans son univers. Ses portraits et scènes de vie célèbrent la beauté exceptionnelle

Nous pouvons retrouver notre excellent photographe, le bien voyageur Eric Lafforgue, dans le Royaume de Thaïlande. Des photos toutes aussi sublimes les unes que les autres.




China



© Eric Lafforgue

India

Eric Lafforgue, est une comète dans le monde de la photo. Ancien chef d'entreprise il revend sa société et part en voyage avec son appareil photo tout neuf. En rentrant il poste tout sur flickr, est remarqué par un éditeur et il démarre une nouvelle carrière de photographe autour du monde.



© Eric Lafforgue

Angola



© Eric Lafforgue

Taïlandia



© Eric Lafforgue

Tanzania

Un artigo de Silvia del Rio Garcia

mArtIn luTheR kiNg

Martin Luther King was born on the 5th of January, 1929. He was an American activist, and he led the African-American Civil Rights Movement. Although African-Americans were equal in American law, they were discriminated against in everyday life. He is best known for his role in the advancement of civil rights without violence, just using words. He led the 1955 Montgomery Bus Boycott; this event was a political and social protest against racial segregation. Two years after that, he helped found the Southern Christian Leadership Conference (SCLC) becoming its first president. With the SCLC, he led many nonviolent protests all around the USA, which attracted national attention because the police were very hard with them. He also helped to organize the 1963 March on Washington, where he said his famous "I Have a Dream" speech.



"I have a dream that my four little children will one day live in a nation where they will not be judged by the colour of their skin but by the content of their character."

"I have a dream today! I have a dream that one day, down in Alabama, with its vicious racists, with its governor having his lips dripping with the words of 'interposition' and 'nullification' - one day right there in Alabama little black boys and black girls will be able to join hands with little white boys and white girls as sisters and brothers."

"I have a dream today! After that, he established his reputation as one of the greatest orators in American history. He also was known as a radical, so the FBI investigated him for the rest of his life. Anyway, on October 14, 1964, King received the Nobel Peace Prize for combating racial inequality through nonviolence. In the final years of his life, he organized many marches and he said more exciting speeches. Unfortunately, he died on April 4, 1968 at the age of 39, because he was assassinated by James Earl Ray."

Un artigo de Iria Esperón Abril

nElsOn mAndela

Nelson Mandela was born in Mvezo on 18 July, 1918. He was a South African anti-apartheid revolutionary and politician.

He fought against the legacy of apartheid. This was a policy of separating black and white people; they could not marry each other, live in the same areas or use the same buses. As the situation got worse, both white and black protested, so Nelson Mandela joined the African National Congress, and he started many nonviolence protests against the policy of apartheid. In 1962 he was arrested and convicted of sabotage and conspiracy to overthrow the government, being sentenced to life imprisonment.



He stayed in prison for 27 years. After that, South Africa's economy was in crisis because many black school children were killed, so countries around the world refused to have links with South Africa.

Nelson Mandela began some negotiations with the president to abolish apartheid and to establish a new and democratic South Africa. In 1994, the first democratic elections were held, and Nelson Mandela was elected president. He led the ANC to victory, forming a Government of National Unity, and he created a new constitution.

He received over 250 awards, including the Nobel Peace Prize in 1993. In 2004, he announced that he was "retiring from retirement", and now days he is seen in some successful public events.



Un artigo de Iria Esperón Abril

liNguaS en pEriGo de eXtinCiÓN!!!

Unha lingua é o sistema de comunicación no que se relaciona un rapaz ao nacer, e xa o que aprende dende pequeno sobre ese idioma queda gravado. Queremos dicir que unha lingua desaparece ou extinguese cando deixa de ser a primeira lingua que falaba ese nenno no seu fogar ou cando o último falante da lingua morre.

Moitas linguas de todo o mundo están extinguíndose ou en proceso de extinción polo seu uso minoritario.

Estímase que neste século a metade dos 6.000 idiomas que se falan actualmente desaparecerán. Para evitar isto, as políticas lingüísticas deberían por todo o posible para conservaro maior número de falantes dunha lingua e que estas transmitan a xeracións máis novas para que iso non ocorra, porque as linguas son unha parte fundamental da DIVERSIDADE CULTURAL do planeta.

Unha lingua desaparece cando o último falante dela morre ou cando se deixa de utilizar




Bo Senior

para expresarse noutra máis estendida. Ás veces a presión doutra lingua sobre unha minoritaria agrava a situación desta.

Debemos conservar os distintos idiomas porque eles reflicten a identidade do entorno no que se fala esa lingua, é unha característica máis dese lugar. É un soporte máis da súa identidade e un elemento esencial do seu patrimonio cultural.

Entre as rexións do mundo onde se encontra maior diversidade lingüística están Melanesia, a África subsahariana e Sudamérica. Contan cun número elevado de linguas en perigo de desaparición, mais aínda así existen linguas que perigran tamén en case todos os países do mundo. É tarefa ardua dar unha cifra de linguas que desapareceron ao longo da historia, pero algúns lingüistas estiman un total de 74 idiomas desaparecidos en Europa e Asia Menor, e 115 dos 280 idiomas falados en América nos cinco séculos transcurridos despois da chegada de

Colón. Entre as desaparecidas recentemente figuran saami de Akkala en Rusia, (o último falante faleceu no 2003), o Aasax de Tanzania, desaparecido en 1976 ou akaboda India, extinguido en 2010 coa morte de Bo Senior, ou o Eyak en Alaska (EEUU) no 2008 coa morte de Marie Smith.



Marie Smith Jones

Tamen existe a diglosia e isto ás veces é o causante de que unha lingua dominante provoque que outra minoritaria, á que lle afecta, sexa levada á extinción. Isto provoca que os falantes usen unha lingua dominante para situacións máis formais e deixen a minoritaria para usos coloquiais ou informais.

As linguas extinguidas pódense revivir se existe documentación e interese dos falantes e unha adecuada política lingüística. Hoxe en día existen casos de linguas "revividas" aínda que o proceso sexa longo e custoso.

O galego, está en perigo de extinción? Parece evidente que algunhas formacións políticas trátanlle de sacar rendemento a un enfrotamento do galego co español, e parte da poboación, sobre todo no espazo urbano, exprésase en español e mesmo utilizan só esta lingua en situacións formais. Porén, outra parte da poboación loita por defender a nosa lingua e evitar ese rexeitamento cara a lingua nai.

Outro perigo é que teñan escaso apoio dixital. Meta-net (a Multilingual Europe Technology Alliance) afirma que existen linguas que carecen da axuda para ferramentas do soporte técnico necesario para asegurar a súa supervivencia, entre elas, o galego.

Nós debemos evitar que todo isto ocorra e poñer todo o que estoa da nosa man e creando eses reforzos nos falantes, para que non a abandonen e para que esa lingua sexa transmitida ás novas xeracións.

Un artigo de Sonia Tarrío Frecha

Existen pobos indixenas aillados completamente do resto do mundo?

A resposta afirmativa a isto é sensacionalismo baleiro. É moi pouco probable que haxa algún pobo indixena totalmente descoñecido para o resto da humanidade.

Trátase de pobos aillados, é dicir, que non teñen ningún contacto coa nosa sociedade. Existen uns 100 pobos indixenas aillados, pero isto non quere dicir que non teñan relacións con outros pobos indixenas ou que no seu pasado non estivesen en contacto con colonizadores. Con case toda seguridade todos estes pobos mantiveron contacto algunha vez con outros seres humanos,

moitas veces con colonizadores. A mala relación entre colonizadores e colonizados provocou que parte destas sociedades se separaran para tratar de fuxir da sociedade invasora.

A miúdo asociamos ós pobos indixenas con un atraso social pero realmente estas sociedades tamén evolúen. Ao longo dos séculos mudan e cambian os seus costumes e mesmo o seu hábitat e teñen avances significativos nos distintos ámbitos, comercio, ferramentas, alimentos... Claro que o que ocorre e que estes cambios non necesariamente lle levan a evoluir da mesma forma ca nós. Pero a terra na que habitansce sera de moitas xeracións.

En moitas ocasións para saber o estado destes pobos é necesario sobrevolar o territorio en avión e moita xente cree que avisión dun avión para os indixenas pode dañalos. Isto tamén é outro mito falso, xa que están acostumados a velos, e ademais a súa cultura é moi forte e son capaces de adaptarse ás cousas do exterior. Cando un avión os sobrevoa soen reaccionar con violencia; lóxico, a súa reacción trata de a mosar o seu desexo de os deixen en paz.

E porqué non se unen á nosa sociedade? A sociedade colonizadora normalmente invitaos a formar parte pero en realidade se se unisen a nós terían un nivel de vida moito máis baixo que o que teñen vivindo na súa tribo, xa que soen acabar mortos ou



Indixenas contactados no Brasil no 2011

exercendo de mendigos ou prostitutas. Ademais nós somos vistos por eles como inimigos: cando un foráneo entra no seu territorio vense ameazados xa

que habitualmente o que queremos deles é obter recursos naturais da súa terra para a minería, a construción... Os indixenas amósanse violentos ante isto, xa que eles protexen a súa terra e a miúdo o contacto con foráneos provócalles a morte polo contaxio de enfermidades ás que non son inmunes, como a gripe, os arampelo...

O que si lle podemos ofrecer nós é o que eles máis precisan: protección das súas terras. A explotación das súas terras, a destrución do seu hábitat debería ser algo que deberían decidir eles e os foráneos debemos respectar o seu modo de vida. Eles poderían introducirse na nosa sociedade sempre e cando todos nos deamos conta de que todos e todas somos seres humanos con igualdade de dereitos. Estas persoas teñen moitos coñecementos sobre a vida e o medio natural que nós os "civilizados" non temos, e aportarían unha diversidade humana moi grande.



Calculase que os cañiñeses viven na súa illa dende hai máis de 60.000 anos

Algúns creen que é un acto romántico oporse á destrución destes pobos, pero realmente non o é. Trátase de oporse á escravitude, ao colonialismo, á explotación... trátase da protección destes pobos.



Cando mencionamos o termo diversidade de culturas estámonos referindo ás diferentes culturas que conviven, tanto en todo o mundo, como en lugares concretos deste mesmo.

Este aspecto podémolo observar nas distintas características polas que os humanos nos identificamos. As linguaxes, as crenzas relixiosas, a gran variedade de hábitos que cadaquén pode adoptar, xunto con outras características conforman o propio que cada pobo ten de cultura, e por su posto, de diversa, de único. Pero ás veces o contacto interesado, sobre todo por políticas económicas asoballadoras provoca, que nos vaíamos transformando día a día en alguén que non somos. As críticas que o mundo alleo á nosa cultura fai de nós, aféctannos en gran medida para que nos sintamos mal con nós mesmos e queiramos así imitar ou parecer nos a seres e culturas alleas, ás que, por unha variedade infinita de motivos, todos admiran.

A pesar de todo isto, as diferentes culturas deberían ter máis confianza en mostrarse no mundo tal e como son, sen ter en maior conta como van ser consideradas polos demais, e así facer ver os seus valores e ensinar a outros as súas facetas e as vantaxes que pode ter pertencer a esa mesma cultura; xa que, precisamente nisto, reside a liberdade dos pobos, e, consecuentemente, dos seres humanos.

A Asamblea Xeral das Nacións Unidas proclamou como día dedicado á diversidade cultural, o 21 de maio. Trátase de conseguir crear na xente unha reflexión sobre os valores desta cuestión co fin de que todos convivamos mellor respectando o que nos é alleo. Por todo iso, a UNESCO pediu aos Estados Membros, para



© Eric Lafforgue

que nese día participasen o maior número de axentes e colaboradores posibles.

Unha das características da diversidade cultural é respectar a pluralidade étnica, é dicir, un grupo de persoas que teñen a mesma relixión, forma de comportarse, a mesma lingua...


E o respecto é o primeiro valor que unha cultura debe amosar sen concesións polas demais, teña o número de

individuos que teña, teña o grao de desenvolvemento que teña, sexa cal sexa o lugar que habita neste infimo recuncho do universo que é o planeta Terra.

Disto precisamente é do que trata a Diversidade Cultural que tanto nos enriquece.

Índice

diversidade cultural 2.0
 recomendacións do alumnado 2.1
 + recomendacións do alumnado 2.2
 palabra de Müller 2.2
 multicultural social 2.2
 un pouco de... do Cume da Torre 2.3
 Eric Lafforgue 2.3
 Eric Lafforgue 2.4
 un pouco de... historia 2.5
 un pouco de... historia 2.5
 linguas en perigo de extinción 2.5
 África en UrEla: caVoVerde 2.5
 a de Rra Deira 2.7



© Eric Laforque

V feStiVal AxEndA 21

actuacións. Ese fío estivo constituído por diversos textos literarios onde se representaban declaracións de amor de épocas históricas tan distintas como a Idade Antiga ou a Idade Moderna, con fragmentos de autores clásicos moi coñecidos como Shakespeare ou José Zorrilla.



© Eric Laforque


V feStiVal AxEndA 21

pola actuación de seis alumnas de 2º ESO cun baile demoito ritmo diante do lema do Festival Ax21.

cancións de Cristina Aguilera, Melendi, Ella Baila Sola, entre outras; o xa consolidado coro "Xilgaros do Ulla" interpretou en versión góspel un texto adaptado á temática do Festival. Pero o máis novidoso dentro do eido musical foi, por primeira vez neste evento, unha interpretación de ópera, cun anaco do tema "Caro mío". A música instrumental, con distintas pezas relativas a diferentes culturas musicais do Mundo, un monólogo, que diferenciaba a forma de ligar en Estados Unidos e en España, a dramatización do poema "Irmãos" e un concurso de preguntas e respostas, completou un Festival variado e ameno.



A continuación tivemos sketches con referencias a declaracións de amor, como a de Marco Antonio e Cleopatra, imitacións de profesores feitas polo alumno de 2º ESO, Iván Sanmiguel. Tamén coubo a presenza do inglés co recitado nesta lingua, de textos, como o poema "Irmãos" de Celso Emilio Ferreiro, ou a representación dunha obra neste idioma, por parte dos alumnos da Sección Bilingüe de 3º ESO. Xunto a



O escenario apareceu decorado con teas que representaban lugares coñecidos de diferentes culturas do Mundo, grazas ao enxeño e traballo levado a cabo polo Departamento de Plástica.

A partir dese fondo que nos transportaba "around the World", pasaron polo festival interpretacións de alumnos de diferentes niveis, comezando



Como xa dixo Martin Luther King, "Eu tiven un soño hoxe...", que este evento sirva para que ese soño se vaia facendo realidade pouco a pouco: que o Mundo sexa máis pacífico, máis xusto, máis honesto, menos desigual, menos racista, e, sobre todo, máis solidario.